

Ollós de aula

ANO 1 - Nº 6 - Abril 2013





Revista para as familias do alumnado

Abril, mes
dos libros

Que fago
co meu
fillo/a
adolescente?

A lectura: un tesouro
ao noso
alcance

CUALTER



A pregunta

Como fago co meu fillo/a adolescente?



Responde: Alberto Casqueiro Iglesias

[Licenciado en Psicoloxía. Técnico en Prevención de Drogodependencias do Concello de Cangas (Pontevedra)]

Para moitos pais e nais é difícil asimilar que o seu fillo/a xa non é un neno/a, que a partir de agora a palabra deles xa non é infalible e que a súa autoridade se cuestiona. Non existen trucos máxicos para tratar os/as adolescentes, pero boa parte das “receitas” pasan por suscitar situacións de **diálogo** nas que se desenvolva a súa confianza. Para iso é necesario:

- **Tomalo/a en serio**, non tratalo/a como un ser inferior que conta cousas das que estamos de volta. Fai que se sinta aceptado/a e non tomes a súa maneira de ser como un ataque persoal.
- **Non aproveitar a ocasión para sermonalo/a**. Comparte con el/ela as túas vivencias e explícalle que tes o deber de establecer límites razoables.
- **Escoitar de maneira positiva e con atención** o que quere explicarche, ou preguntar se non entendes algo.
- **Falar tamén do que lle interesa a el.**
- **Educalo/a dende o amor** e tentando ser un bo/a modelo.

De todos os xeitos, pensa que non todo o relativo á adolescencia é tan negativo. Os/as **adolescentes seguen tendo nos pais e nas nais unha referencia imprescindible**.

Os/as mozos/as recoñecen aos seus pais e nais como educadores e como persoas de referencia. E pese a que moitas veces aseguran que finalmente acaban pedindo axuda aos amigos, por razóns de confianza e comprensión, recoñecen que a experiencia ou a capacidade de dar consellos radica sobre todo nos seus pais e nais.

Lembra que, pese a algunha palabra a des tempo, o teu fillo/a está moi pendente do que facedes. Non esquezas que pais e nais sodes un modelo que quere imitar e sentades a base da súa educación emocional, tan importante para o seu desenvolvemento.



Hai un acordo xeral sobre a importancia que teñen a lectura e a escritura na formación das persoas. Quen coñece o valor das palabras, quen é capaz de expresarse con claridade e rigor, será sempre unha persoa creativa e con criterio, dúas capacidades básicas nunha sociedade democrática.

A lectura: un tesouro ao noso alcance

Agustín Fernández Paz

[Escritor especialista en literatura infantil e xuvenil]

As persoas adultas temos un papel decisivo na creación do gusto pola lectura. Porque o encontro entre os nenos e os libros non se produce espontaneamente, fan falta mediadores que os acheguen. Os pais e as nais, e logo o profesorado, somos eses mediadores idóneos no fomento da lectura.

A escola é un lugar privilexiado para ese labor, onde os docentes xogan un importante papel. Mais tamén é decisiva a familia, que pode estimular ou retardar as aprendizaxes que se fagan nas aulas. Por iso afirmo que a lectura é un tesouro ao noso alcance: calquera nai ou pai pode achegarlle doadamente esa riqueza aos seus fillos.

Para este labor non se precisan habilidades especiais. Chega con ter á man algúns bos libros e favorecer que os nenos e nenas se acheguen a eles. Este contacto debe iniciarse canto antes: tanto a través dos libros de imaxes, onde o texto non existe ou cumpre unha función secundaria, como a través da lectura en voz alta.

Nunca se insistirá o suficiente na importancia de contarlles contos aos nosos fillos. A necesidade de escoitar historias ten raíces moi profundas e non nos abandona en toda a vida. Mentres son pequenos, é imprescindible que as persoas adultas lles contemos ou leamos os contos en voz



alta. Logo, a medida que os nenos e nenas medran, cómpre ir consolidando neles o pracer da lectura persoal. O aconsellable é compaxinar a lectura autónoma dos nenos coa continuidade da lectura en voz alta pola nosa parte.

Na forma-
un lugar

ción lectora, as bibliotecas ocupan esencial. Na casa, na aula, no colexio, no concello... ese lugar destinado aos libros debe conver-

terse nun espazo que os nenos e nenas frecuenten e sintan como seu. É decisivo o papel dos pais (levándoos ou animándoos a ir ás bibliotecas) e o do profesorado (potenciando as bibliotecas de aula e de centro).

Ademais dos libros que poida haber na casa para uso de toda a familia, calquera neno ou nena debe de contar coa súa «biblioteca» persoal: un pequeno espazo no seu cuarto, onde se agrupen os libros que posúa. Calquera celebración é unha boa oportunidade para agasallar ós nosos fillos cun bo libro. Non vén mal deixarse aconsellar e buscar aqueles «libros que fan lectores», eses que engaiolan e invitan a seguir lendo, evitando a compra de títulos desaxeitados ou pouco favorecedores da lectura.

A gran riqueza da literatura infantil en galego fai dela un recurso marabilloso para a promoción da lectura. Os poemas e os contos, tanto os de tradición oral como os creados polos autores de hoxe, son un material idóneo

para achegar as nenas e os nenos á riqueza da lingua. Será un bo xeito de lles transmitir o idioma e, ao tempo, favorecer neles un valioso reencontro afectivo coa lingua de noso.

Palabras do ensino

Lines Salgado

{PCPI} Os PCPI son os “Programas de Cualificación Profesional Inicial”. Con eles trátase de ofrecer unha vía alternativa para os rapaces e rapazas que presentan un elevado risco de abandono escolar, é dicir, que deixarían a escola sen acadar a titulación básica (o graduado en Secundaria) ou que teñen necesidades educativas especiais.

Os PCPI son a evolución dos antigos Programas de Garantía Social. Duran dous anos e aceptan alumnado desde os 15 anos. Os grupos son, como máximo, de 12 alumnos. Combinan módulos obrigatorios de formación xeral, capacitación profesional e formación en centros de traballo con módulos voluntarios para poder acadar o título de Graduado en ESO (estes últimos si son obrigatorios para os menores de 16 anos). Ademais, existen diferentes modalidades, dependendo de onde cursemos os módulos: só nun centro escolar, en dous ou acudindo a asociacións ou empresas. As familias profesionais ás que se ten acceso son moi variadas: hostalería, actividades agrarias, mecánica, electrónica, edificación, costura ou pesca, entre outras.

En definitiva, os PCPI son unha das maneiras que o noso sistema educativo prevé para “reenganchar” a aqueles que, polo que sexa, deciden parar no camiño da súa formación. Debe haber sempre unha segunda oportunidade.



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para aprender

A editorial Ouvirmos ofrécenos unha nova colección chamada “Cociña infantil e familiar” para favorecer o achegamento dos máis novos á arte culinaria. O proxecto consta de dez títulos e cada volume inclúe vinte receitas elaboradas polos cociñeiros **Miguel A. Caruncho, David Cidre, Santiago Martínez e Xenxo Pereiro**. Precisamente, o sexto volume, “Peixes”, vén de recibir o Premio Xosefa Vilarelle ao Mellor Libro Educativo do 2012: receitas fáciles e creativas para aprender a preparar o peixe dun xeito sinxelo e sorprendente.



Para amar


É a editorial Baía a causante de termos nas mans este fermoso libro profusamente ilustrado sobre unha das árbores autóctonas que mellor definen o noso país: *O carballo*, do autor e ilustrador Carlos Silvar. É a propia árbore quen nos fala de si mesma, do seu ecosistema, dos seus amigos e inimigos, mesmo as festas que se fan ao seu arredor.

A destacar o logrado traballo de ilustración e edición, que mereceu estar de Finalista para os Premios da Edición 2012 como mellor libro de non ficción.



Para percorrer

Cambados, na provincia de Pontevedra, é unha das vilas máis fermosas da nosa terra pola súa beleza paisaxística e a riqueza da súa cultura. Agora temos a oportunidade de percorrela da man do artista Eduardo Baamonde e da editorial Kalandraka: un fermoso caderno-libro de acuarelas que inclúe un mapa-itinerario con páxinas en branco para anotar as nosas impresións persoais: paisaxe, arquitectura, mar, luz, pedra... Encadramentos emblemáticos e riqueza patrimonial nunha excursión que gozaremos dende ángulos inéditos.



Da lingua

Falar de aprendizaxe...

Falar de aprendizaxe de linguas e de competencia lingüística na nosa terra volveuse complicado, e máis tendo en conta que moitas das palabras que se deben usar nesa conversa deixaron de ter un enfoque pedagóxico e pasárono a ter político. Quizais os dous mellores exemplos sexan os termos *liberdade* e *imposición*, que tanto se usaron nos últimos anos en Galicia.

Segundo o dicionario, o termo *impoñer* quere dicir “obrigar a aceptar ou padecer [algo]”, mentres que *liberdade* é o “dereito e posibilidade de poder actuar unha persoa segundo os propios criterios e de decidir por ela mesma aquilo que lle atinxe, sen estar sometida ás imposicións doutros”. Confrontar os dous termos a nivel de ensino non ten moito sentido, xa que cando a administración educativa organiza o currículo buscando a promoción da nosa lingua, non está buscando “impoñela”, senón que o alumnado a *aprenda*, ou sexa, que “adquira o coñecemento de [algo], e chegue a saber por medio do estudo, a práctica, a observación, a experiencia...” e sexa *competente* ou, o que é o mesmo, desenvolva “capacidade e habilidade para facer ben unha cousa”.

Por iso o Tribunal de Xustiza de Galicia, na súa sentenza sobre o Decreto para o plurilingüismo, lle di á Xunta que non pode abdicar das súas funcións ata o punto de permitir, en aras da “liberdade”, que os pais escollan se queren ou non que os seus fillos e fillas aprendan galego na escola. E non con ánimo de “impoñer”, senón de que se cumpra á Lei de Normalización Lingüística, que se creou precisamente porque a nosa lingua propia precisa de axuda e promoción para poder manter vivo un patrimonio que é do noso pasado e do noso futuro.

